

(As intervencións aparecen en orde)

Parte primeira

A ter en conta que non aparecen aquí as intervencións de Martín Graña, concelleiro, nin de Daniel Vega, alcalde, por non ter apunte escrito ningún dos dous. Aparecen entón nesta primeira parte só as de Begoña Sanjurjo, actual Concelleira de Cultura no concello de Ribadeo, e Nico (Nicolás Fernández), herdeiro de Xusto Moreda.

Begoña Sanjurjo:

Boas tardes a todos e a todas.

É para min unha honra poder participar nesta homenaxe a Xusto Moreda, un home que fixo da arte unha maneira de mirar o mundo e que, ao longo da súa vida, levou consigo algo que para nós trñ un significado moi especial: o seu vínculo con Ribadeo.

Hoxe non estamos aquí simplemente para lembrar a un pintor. Estamos aquí para recoñecer a un artista, pero tamén para reivindicar algo que considero fundamental: a importancia de que un pobo coñeza, valore e coide os seus creadores.

Porque os artistas forman parte da historia dun lugar.

Cando pensamos na historia dun pobo, acostumamos lembrar datas, personaxes, edificios, acontecementos... Pero tamén existe outra historia, máis íntima e máis emocional, que queda nas obras dos seus artistas. Nas súas pinturas, nos seus libros, na súa música, nas súas fotografías ou nas súas esculturas.

E aí está Xusto Moreda.

Un ribadense que mirou o seu mundo con ollos de artista e que soubo transformar en pintura ou escultura aquilo que vía, aquilo que sentía e aquilo que formaba parte da súa vida.

A súa obra é tamén unha maneira de conservar unha parte da memoria de Ribadeo. Porque cando un artista pinta unha paisaxe, unha persoa ou unha escena, non está simplemente representando o que ten diante. Está deixando tamén unha mirada persoal sobre ese lugar e sobre ese tempo.

E esa mirada, co paso dos anos, convértese en patrimonio.

Por iso é tan importante que os pobos recoñezan os seus artistas.

Moitas veces admiramos artistas que veñen de lonxe, coñecemos os seus nome e visitamos museos para contemplar as súas obras. E está moi ben. Pero ás veces esquecemos mirar ao noso redor.

Esquecemos que aquí, nas nosas vilas e cidades, tamén houbo -e hai- persoas capaces de crear, de emocionar e de deixar unha pegada na cultura.

E cando un pobo recoñece a un dos seus artistas, en realidade está recoñecéndose tamén a si mesmo.

Porque dicir que Xusto Moreda é un artista ribadense non é simplemente dicir onde naceu. É recoñecer que Ribadeo forma parte da súa historia e da súa identidade. E, ao mesmo tempo, que el forma parte da historia cultural de Ribadeo.

As homenaxes serven para deter por un momento o paso do tempo e dicir: isto metrece ser lembrado.

Pero tamén debería servir para algo máis: Deberían axudarnos a mirar cara adiante.

Porque valorar os artistas non significa esperar o tempo para falar deles. Significa apoiar a creación cultural do presente. Significa dar oportunidades aos que está comezando. Significa achegar a arte aos máis novos. Significa entender que investir en cultura é tamén investir na identidade e no futuro dun pobo.

E quizais esa sexa unha das mellores maneiras de honrar a Xusto Moreda: non só lembrando a súa obra, senón facendo que a arte continúe tendo un lugar importante na vida de Ribadeo.

Que as novas xeracións coñezan quen foi. Que poidan descubrir as súas pinturas.

Que entendan que alguén nacido aquí puido desenvolver unha voz artística propia e deixar unha pegada que merece ser conservada.

Porque un pobo que coñece os seus artistas coñece mellor a súa propia historia.

E un pobo que valora os seus artistas está dicindo algo moi importante: que a cultura importa, que a memoria importa e que aquilo que nace entre nós merece ser coidado.

Por iso esta homenaxe terá unha segunda parte, máis didáctica, no curso escolar, co alumnado dos centros de Ribadeo.

Hoxe dicimos, con orgullo, que Ribadeo ten memoria, ten cultura e ten artistas.

E, sobre todo, dicimos que queremos coñecelos, valoralos e transmitilos ás xeracións que veñen.

Moitas grazas.

Nico:

Buenas tardes, concejales y alcalde, vecinos y amigos, visitantes y a todas las personas que queriendo estar aquí por algún motivo no pueden. Gracias a todos.

Estoy ocupando un sitio que no es el mío. Debería ser Xusto el que os diera las gracias, pero la vida de los artistas es así. Deseo y espero que desde donde esté nos vea aquí reunidos en su memoria.

Xusto siempre tuvo en su mente y en su obra su Ribadeo natal; en todos los sitios donde expuso su obra había un paisaje de su villa, y siempre lo primero que decía era 'soy pintor de Ribadeo'.

Un amor que me transmitió a mi. Por eso me considero tan ribadense como el que más: aunque soy de la Coruña me considero de Ribadeo con el corazón.

Quiero dar las gracias también a todos los que intervienen de alguna manera para realizar este acto. Gracias los escritores, poetas, intelectuales que participan en este acto.

Gracias especialmente a Martín Graña, impulsor de este evento, ya que presentó el proyecto al pleno del ayuntamiento, donde toda la corporación apoyó la idea de poner una placa en esta casa a Xusto Moreda. Hace unos cinco años que se acercó a Xusto y a su obra.

Moitas gracias a Begoña Sanjurjo por la disposición de la concejalía de cultura a organizar este homenaje a Xusto Moreda. Y con quien tenemos proyectos más o menos inmediatos.

Agradecido quedo también al Ayuntamiento de Ribadeo por su apoyo a la celebración de este homenaje, y le deseo a Daniel Vega, alcalde de Ribadeo, mucho acierto en su empeño por sacar adelante nuestro ayuntamiento.

Para acabar, me gustaría tener un recuerdo a tres personas muy queridas y que ya no están entre nosotros. Son dos hombres y una mujer que estuvieron siempre cerca de Xusto y de mi.

Uno de ellos es Jaume Porta, Rector de la Universidad de Lérida que a pesar de la lejanía siempre estuvo muy cerca y en contacto con nosotros. Nos veíamos todos los años porque Jaume y su mujer Marta veraneaban en Figueras. Siempre nos veíamos cuando llegaban y cuando se iban. Un beso muy grande a Marta.

Otro fue el primo Manolo. Manuel Lorenzo, un gran escritor, dramaturgo, actor y director con su aspecto de abuelo bonachón, siempre cariñoso y tierno, con el que tomábamos café frecuentemente en La Coruña.

La tercera es Toni, la candela que nos dejó recientemente. Una mujer que luchó siempre por los derechos de los demás. Casada con Luis Muruzábal, abogado laboralista, lucharon siempre por la libertad y la igualdad de las personas.

Pienso que no me queda nada más que volver a dar las gracias a todos los presentes, a todo el pueblo de Ribadeo. Gracias.

Y aunque Xusto no esté entre nosotros físicamente, Ribadeo siempre tendrá la obra de este pintor.

Viva Ribadeo.

Parte segunda

Antonio Gregorio:

Xusto Moreda. Verbas na rúa

Boa tarde.

O aprecio que sinto por quen me invitou a falar fixo que non lle dixera que non, e que tentara esforzarme para aportar algo. Mais síntome un intruso que non coñeceu no seu momento nin á persoa nin á obra, e mesmo descolocado na situación do entorno no que transcorreu a súa vida. Permitídmeme por iso que fale de Xusto, pero deixando claro que é só unha interpretación miña, unha visión de lonxe. É que de Xusto non sei moito. Por suposto, menos que a xente á que estou a acompañar neste acto. Encoméndome pois á Virxe de Vilaselán, a ver se o sentimento ancorado no ancestral que tiña Xusto, o ateo declarado, puxa por min e achégame ó seu camiño -á súa vida, non ó camiño á Virxe-. Miro ó ceo, e como tal ateo, non aparece para darme unha reprimenda incisiva. Así que me dou por aprobado e continúo.

Non sei que pensaría Xusto se lle chegan a dicir que ía recibir unha homenaxe coma esta. Dame a pensar que por unha banda, sentiríase orgulloso por ser no seu pobo, entre amigos e coñecidos. Con algunha excepción, como apuntei antes, coa esperanza de que aínda así contería o seu carácter para escoitar o que digo.

Por outra banda, aínda sendo maioría de amigos e coñecidos, el, que non pintaba multitudes, coido que sentiría un certo desacougo. Por diversas razóns. Así, ¿onde estaba a xente cando hai uns vinte anos se estaba a desfacer por dentro? Quizais a resposta máis achegada á realidade sexa que, sinxelamente, non estaba ó tanto das necesidades de Xusto. E, ¿adicarlle unha placa tendo a presidencia alguén representando unha institución nun estado monárquico? É posible que se amoldase pensado ‘sexa benvido, a procedencia xa a amañaremos despois’ e tirase de retranca para facer os axustes finos. ¿E poñer unha placa nunha casa da que, por moito que lle tirase, quedou desterrado por tempo? O tempo vai curando as feridas, e, pode que como no Jorge Manrique de *Cualquiera tiempo pasado fue mejor*, queden flotando á vista só os agarimos pasados tamén neste lugar.

Un quebro para axustar que gustaríame que Xusto se puidera estar escachando co que estou a dicir, pero tamén procuro que no que digo poda haber algo de razón.

Sigamos. Está connosco Nico, que é un pouco como manter unha presenza de Xusto etérea e sólida a un tempo. Non podemos ter a Lourdes. Tentei que dalgún xeito estivera, que puidera citala, mediante algún rastro, obra, nota de prensa... pero, aínda que seguro que si que hai numerosos datos que nos leven á súa lembranza (e con ela, tamén algo a Xusto), eu non din con ela. As dúas presenzas nos pintarían unha imaxe do homenaxeado, con coñecemento e sentimento, á que quizais habería que axustarlle un pouco de perspectiva. E iso, a perspectiva externa, é ó que tentei abrir, coa vista posta en Xusto e neste este acto, coas miñas palabras.

Moitas grazas.

Francisco Díaz-Fierros:

Prezados amigos e amigas:

Ribadeo e a súa contorna sempre foi un espazo atractivo para os pintores. As súas suxerentes paisaxes, nun diálogo permanente entre a terra e a mar, baixo unhas luces cun cambio inestante, deron orixe en moitas ocasións a interpretacións artísticas dun mérito indiscutible. De todas elas, as máis importantes son as que deixaron nos seus lenzos Dionisio Fierros e Amando Suárez Couto. Cada un, co seu particular estilo que respondía en xeral aos gustos e modas do momento en que viviron: a transición do romanticismo ao realismo, de Fierros, e a pintura rexionalista, de Couto.

O terceiro gran paisaxista ribadense é Xusto Moreda, que representa unha nova mirada adaptada aos conceptos contemporáneos da pintura de paisaxe. Neles, os obxectos que percibimos coa vista, con todos seus detalles, non són o importante da representación pictórica, senón que o relevante e fundamental son as SENSACIÓNS que nacen do mundo interior do pintor. É , polo tanto, unha pintura do ÍNTIMO máis que do EXPLÍCITO e REAL.

Cal foi o sentir que nos tentou transmitir Xusto sobre estas terras da mariña?

Ao ser un pintor manifestamente expresionista, son sobre todo sus sentimentos, e non a realidade, os que aparecen reflexados nos seus cadros. Por iso os CEOS das súas paisaxes aparecen limpos, sen nubes e teimudamente azuis, nesta terra de sol preguizoso, todo o contrario deses cadros realistas que pretenden trasladar ao lenzo un “ambiente galego”, preñado de nubes, tristes e cincentas, ou con brumas e celaxes que toldan os horizontes. Os ceos de Xusto son só como un telón de fondo que, debe deixar paso ao protagonismo dun territorio fondamente humanizado, no que emerxen os CAMPOS, moldeados en amplos anacos, entre os que xurde case sempre un camiño de cores ocre que racha coa sinfonía de verdes nos que se enmarca. Tanto os ceos como os campos, coa súa homoxeneidade cromática, semellan que son só actores secundarios do tema principal, que son as CASAS. As casas! Esa gran achega de Xusto ao paisaxismo ribadense, que se amosan limpas, evocadoras e sinxelas. Edificacións humildes da contorna rural, pintadas con cores moi simples pero sempre expresivos. Casas solitarias, aínda que elocuentes na súa presenza silandeira, de portas abertas, que nos invitan a pasar e que nos falan dos seres humanos que traxinan no seu interior.

Pero Xusto foi ademáis un pintor urbano, do pequeno urbanismo ribadense, cos seus evocadores RECANTOS, como os de Cabanela e O Patín, que imaxinabámos mesmo perdidos, pero que ben mirados, como expresa a súa pintura, nos devolve unha intimidade e unha vida oculta que nin sospeitabámos. De todos eles, o que ten para min un maior engado é o dedicado a fonte dos Catro Canos. Moreas de veces teño pasado por ese espazo desde a miña infancia e xuventude e nunca reparei nel, pois non era máis cun paso obrigado cando baixabámos a Porcillán. Grazas ao cadro de Xusto, devólveme todo o que ten de vellas lembranzas dun Ribadeo que quizais xa non exista, pero que ben seguro se ancoraba como un rumor no máis fondo do meu sentir.

Remato, lembrando que Xusto Moreda como tantos artistas pode ter diversas personalidades. Pero quero quedarme agora coa que nos amosan as súas paisaxes, das que o noso gran poeta García Bodaño dicía que nos transmiten unha mesta calma, unha maina aquedanza. Expresadas, engadiría, con formas sinxelas, inxenuas e case infantís, de suaves perfís e de cores elementais. Paisaxes que nos falan dunha personalidade tenra e agarimosa que mira ao mundo con complacencia e que gusta dos seres humildes e tímidos que non se amosan nos seus cadros pero que se insinúan silenciosos e como sombras. Paisaxes, en definitiva, amables e pracenteiras.

MOITAS GRAZAS

Celia Castro:

Boa tarde a todos:

Antes de nada, agradecer a Nico que contase coa miña presenza para este acto, no que se recoñece a traxectoria e importancia do pintor Xusto Moreda en cuxa casa natal colócase hoxe unha placa, por iniciativa do Concello de Ribadeo.

Hoxe é un día ledo para min, por dúas razóns: A primeira é obvia, pola persoa do propio Xusto Moreda, e a segunda, polo meu vencellamento á rúa de San Roque, onde nacín, vivín a niña infancia e mocidade, e vivo actualmente.

Nesta casa que estamos agora, eu xoguei moito de pequena, porque aquí vivían dúas das miñas mellores amigas, Marisa Moreno, e Puri Páez.

Cando xogábamos nos seus amplos corredores, chamábanos a atención uns cadros con números e uns timbres que había ao lado deles.

Miña nai explicoume entón que alí estivera o Sanatorio Moreda había moitos anos e ela recordaba que nesa casa nacera Justito, o fillo maior do Doutor Moreda.

Ese foi o primeiro coñecemento que tiveron de Xusto.

Andando o tempo, cando xa estaba eu a traballar na Escola de Arte *Ramón Falcón* de Lugo, D. Argimiro Rivas, o director da revista *Lucensia* encargoume unha serie de artigos sobre Pintores da provincia de Lugo. No segundo deles: *Pintores lucenses da segunda metade do S. XX*, tratei a figura de Xusto.

Tiña poucos datos, así que unín á escasa bibliografía que atopei, os coñecementos que me deixou algunha mostra pictórica na que el tiña participado.

Pero sería no ano 2006, cando por mediación das irmáns Toni e Mercedes, nos puxemos en contacto, co gallo de que lle fixera un artigo para a prensa.

Era xuño, Xusto tiña na oficina de Turismo de Ribadeo unha mostra pictórica na que a obra central era un gran tríptico pintado ao óleo, titulado *A Oración dun ateo*. O panel central ocupábao unha representación da Virxe de Villaselán rodeada de moitas palmas de mans cas cores da bandeira da 2ª República Española. Os paneis laterais mostraban as mesmas mans sobre fragmentos da mesma bandeira.

Xusto contoume que, aínda que se confesaba ateo, a Virxe de Villaselán era para el un importante referente ribadense, e que a mensaxe deste cadro era unha pregaría a dita Virxe, para que fose restaurada a República.

O resto dos cadros que se estaban a expoñer na sala, presentaban unha temática variada: rostros femininos, flores, paisaxes varios, mariñas, a igrexa da Atalaia.....

A raíz desta mostra comezou a nosa amizade. Desde entón, al longo de varias charlas explicoume o seu concepto da pintura, na que tiña a cor predominio sobre a forma.

A medida que falábamos, descubrín nel a un home cunhas fortes raíces ribadenses, e que a melancolía e as lembranzas eran unha constante na súa obra.

Esa cor vibrante dos seus cadros que as veces nos lembra a estética do Pop Art e o desenfado formal dos anos 60, leva sempre dentro unha gran carga poética e emocional. As súas composicións, a miúdo bidimensionais, preséntannos un debuxo sinxelo que encerra a cor como elemento expresivo, transmitíndonos forza ou tristura, afastamento ou proximidade, serenidade ou dinamismo.

Xusto e eu seguimos en contacto de maneira esporádica ata uns anos antes do seu falecemento.

Cando Nico contou comigo para a [homenaxe que a Agrupación Francisco Lanza adicoulle en Ribadeo en setembro do 2023](#), sentín que se lle estaba facendo xustiza.

Dita homenaxe, que durou varios días e foi organizada por Nicolás Fernández (Nico) e Farruco Graña, constou de diversos actos. Unha exposición das súas obras, recitais poéticos, veladas musicais, e unha [mesa redonda](#), na que tiveron a honra de participar xunto con Myriam Goluboff, Francisco Díaz-Fierros e Pablo Villapol.

Se entón sentín que se estaba a facer xustiza a alguén moi representativo na arte galega e a un ribadense de nacemento e corazón, agora teño ese mesmo sentimento.

A verdadeira morte é o esquecemento. As obras permanecen, e a lembranza fai que as persoas sigan entre nós. Esta placa que hoxe se lle está a colocar a Xusto, perpetuará a súa memoria.

Farruco Graña:

NA INAUGURACIÓN DUNHA PLACA CONMEMORATIVA EN HOMENAXE A XUSTO MOREDA.

Boas tardes a todos e todas. Nico Fernández, compañeiros e compañeiras que participades na parte literaria deste acto: Celia Castro, Toni Deaño, Antonio Gregorio, Francisco Díaz-Fierros Viqueira; autoridades: Begoña Sanjurjo, Concelleira de Cultura, Martín Graña, voceiro municipal do BNG e líder da oposición, Daniel Vega, alcalde de Ribadeo. Veciños e veciñas de Ribadeo.

Vivindo nos tempos que vivimos, e nos que hai quen estaría disposto a acordar co mesmísimo Leviatán para así acadar a entrada nos ceos, non está de máis que lembremos o papel que desempeñamos o asociacionismo de base no fomento e protección da cultura popular e tradicional, así como as novas maneiras de facer cultura a través das diferentes vangardas (poéticas, musicais, das artes gráficas...).

As entidades culturais, sen ánimo de lucro, realizamos un labor lúdico-cultural importante fomentando o lecer, as relacións interpersoais, o desenvolvemento e promoción da actividade creativa tanto do noso propio concello como da comarca e do país en xeral. E somos receptivas ás apostas de xente nova por sacar adiante propostas innovadoras... pero tamén para lembrar e dignificar o papel xogado por outras persoas que no seu momento, en situacións moito máis complexas social e politicamente, loitaron por desenvolver o seu espírito rebelde e vangardista, tanto no mundo das artes como no plano político e social en xeral.

Na recta final dos escuros anos da longa noite de pedra, o ronsel de agrupacións culturais que foron agromando ao longo da nosa nación deron un pulo ben importante á recuperación, difusión e desenvolvemento da cultura galega, tanto para lembrar o feito polos nosos antepasados, como para dar a coñecer as novas propostas creativas, aínda moitas veces tendo que soportar con estoica resignación a ollada inquisitorial da brigada político social. Mesmo nos primeiros anos da democracia houbo atrancos máis sofisticados que superar para sacarmos adiante o noso traballo.

Ás novas xeracións, que xa se criaron en democracia, pódelles resultar un tanto anacrónico este contexto agora descrito, pero houbo xa mozos e mozas que tiveron ocasión noutros momentos de lle sacar a carauta a eses cerebros grises de corte tecnócrata e cara de cucha relambida cando nos querían facer crer que o barco da morte cheo de chapapote estaba aló lonxe lonxe, aínda que se puidese ver case ao pe do faro de Illa Pancha, por buscarmos unha comparación máis próxima no xeográfico. E tamén nos quixeron mentir descaradamente o 11M, e enchernos de trolas trapalleiras cando a Covid, e en calquera outra ocasión que se lles poida presentar.

Ao mozo Xusto Moreda non lla habían dar con queixo, non! Ribadense de nación, coruñés de adopción, acabou sendo artista por vocación, pero tamén por cousas do destino. Coñecida foi a súa relación con poetas como Avilés de Taramancos, García Bolaño, Darío Xohán Cabana, Ánxeles Penas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Lourenzo; con Marica Campo, Miguel Mato Fondo, Xavier Rodríguez Baixeras, Eva Veiga, Toni Deaño.

Cando en setembro de 2023 a ACFL organizou unha homenaxe a Xusto Moreda, todos estes nomes, e outros que tamén participaron en dita celebración, estiveron presentes nos diferentes actos realizados. Durante unha quincena, Ribadeo converteuse en referente do mundo da poesía e da pintura galegas. Non houbo boato nin exceso desaborido. Tan só lembranza sincera da maxia dun espírito rebelde, ateo apóstata, nacionalista, panteísta e republicano; e que no plano estético se confesaba expresionista figurativo, con trazos surrealistas e, ás veces, moi fauve. Moitos dos veciños e veciñas de Ribadeo que o coñeceron lembraron nesa quincena a infancia e adolescencia de Xusto Moreda e as súas experiencias vitais polo Ribadeo dos anos 40 e 50. Unhas experiencias e ambientes que o deixaron fondamente marcado e que despois reproduciu na súa obra. Unha persoa tremendamente rebelde que prescindía dos “que dirán” os membros da sociedade “ben pensante”, pois rachaba cos comentarios mexeriqueiros da oficialidade mostrando unha olímpica indiferenza.

Olímpica si, pero tamén combativa. Ese espírito rebelde é o que temos que desenvolver: sempre en garda contra o escurantismo, contra a mentira, contra o cinismo, contra a barbarie.

Ler fainos libres. Como tamén nos fai libres ver unha obra de teatro ou a comprensión e o goce estético dun lenzo ou dunha partitura. Contemplemos de novo aquela casa de Vilaselán que aínda dura perto do faro, ou a do Patín, visitando a vella academia, e bebamos despois na fonte dos Catro Canos das cores coas que Xusto Moreda soubo dar vida a “Nefertite”, esa muller transparente e hermafrodita, de mirada misteriosamente bicolor. Deixemos que dous efebos se amen con naturalidade. Honremos, en fin, a quen, desde Ribadeo, soubo dar pulo a ese espírito creativo poñendo Ribadeo no mundo.